

COMUNICADO DE PRENSA **O CARBALLIÑO 5/12/18**

O PARTIDO POPULAR REAFIRMA QUE O ALCALDE NUNCA TIVO INTENCIÓN BAIXAR O IBI NO ANO 2019.

UN DECRETO ASINADO POLO ALCALDE O 13 DE SETEMBRO E REMITIDO AO MINISTERIO DE FACENDA, ASÍ O ACREDITA.

NON SE APOIARÁ MODIFICACIÓN ALGUNHA DO IBI PARA O ANO 2020, POIS LOGO DA NEFASTA XESTIÓN DO ALCALDE E DO SEU GRUPO DE GOBERNO ENTENDEMOS QUE ESO DEBE DE SER APROBADO POLA NOVA CORPORACIÓN RESULTADO DAS ELECCIÓNS DE MAIO.

ESPERAMOS TAMEN DE BOCA DO SR. ALCALDE QUE ASUMA PÚBLICAMENTE A SÚA CULPA DA NON INCLUSION DA REBAIXA DO IBI PARA O 2019 NO PLENO DE SETEMBRO E NON INTENTE DESVIAR A SÚA IRRESPONSABILIDADE AOS SERVICIOS TÉCNICOS DO CONCELLO.

Definitivamente, para o Grupo popular, á vista do decreto asinado o pasado 13 de setembro e remitido ao ministerio de Facenda, onde se lles comunica as liñas fundamentais do orzamento para o ano 2019, se aprecia claramente que a carga impositiva prevista para o ano 19 é exactamente a mesma que a do ano anterior, polo que xa nese intre non o tiña nas súas previsións.

Este decreto asínase poucos días antes da proposta de alcaldía sobre a modificación de taxas, na que non introduciu modificación algunha sobre rebaixa do IBI.

No único sitio que ten rebaixado o IBI para o exercicio do 19 é nos medios de comunicación, o día 23 de setembro, e dicir 10 días despois de asinar este decreto, coa única intención de enganar aos veciños e conseguir o seguinte:

- 1) Que a xente pensase que o IBI tiña baixado porque o dixo en prensa varias veces, e presumiría delo durante as vindeiras eleccións municipais do mes e maio,
- 2) Podería contar cun importe non rebaixado de mais de 250.000 € nun ano electoral.
- 3) Xa se darían conta os veciños, a toro pasado das eleccións municipais, de que non existe rebaixa do IBI, pois o recibo pásase en setembro.

E queremos recalcar isto de que así o engano realizaríase pasadas as eleccións municipais de maio, xa que o concello pasaría o recibo no mes de setembro unha vez pasadas as eleccións.

Dende o grupo popular do Concello, intentamos ata o derradeiro momento, que a alegación presentada tivese cabida, e se puidese rebaixar un 12% o IBI para o ano 19, pero a todas luces, faise inviable polo único feito de non terse introducido cambio algún por parte do Alcalde na proposta inicial, a pesares da soberbia mostrada polo propio alcalde nese pleno inicial no que dicía que non pasaba nada, que eles mesmos (o alcalde e o seu grupo) alegarían ou incluso o levarían eles vía moción, cousa que non fixeron e ningún momento xa que legalmente resultaba imposible.

Para que isto se entenda ben dicir, que poderíamos discutir o porcentaxe de rebaixa, se o Alcalde tivese proposto algunha rebaixa inicial, pero ao non ter feita proposta algunha ao pleno no inicio do expediente, xa non cabe ningunha posibilidade.

Non foi culpa de ningún departamento técnico nin xurídico do Concello a falta de previsión no expediente inicial do mes de setembro de 2018, pois os departamentos técnicos só informan sobre as propostas de modificacións tributarias que se lle fan dende alcaldía, que é a quen corresponde propoñer as rebaixas oportunas.

Agora, para tapar as vergonzas, propónse que quede aprobada en Decembro de 2018 unha rebaixa para o ano 2020 e na que xa se fala dun 20%, como si isto fora un mero mercadeo ao estilo “quen da mais” sen ningún tipo de rigor nin informes que o avalen e só por interese propagandístico e electoralista, cando temos todo un ano por diante e incluso un período electoral.

Anunciamos que o Grupo do Partido Popular, non apoiará dita proposta, por ser atemporal e electoralista. E esta decisión que será para o ano 2020, débese de tomar logo das eleccións municipais, co novo pleno resultado das urnas e no momento preciso que é en setembro de 2019.